

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Maio 2006

COMUNICADO

En maio de 2006 aumenta o gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia con respecto ao mesmo mes do ano anterior

Aumento do 22,0%, en taxa interanual, do gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia en maio do 2006.

O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas ascendeu a 43.239,1 miles de euros en maio de 2006, cun aumento interanual do 22,0% en termos correntes.

O gasto total dos viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros da Coruña, que representa o 49,7% do total, aumentou nun 30,1% respecto a maio do 2005. O realizado polos aloxados en establecementos da provincia de Pontevedra representa un 38,8% do total, e experimentou un crecemento interanual do 16,1%. O gasto realizado polos viaxeiros que pernoitan en establecementos de Lugo, representando un 4,5% do total, aumentou nun 25,6% en taxa interanual, mentres nos de Ourense descendeu amosando unha variación interanual do -5,5%.

Por partidas de gasto, mais do 70% do gasto total realizase en aloxamento e pensión, xunto co gasto en restaurantes e cafeterías. Particularmente, o gasto realizado en aloxamento e pensión, que representa o 44,6% do total, aumentou nun 35,9% en taxa interanual. O gasto en restaurantes e cafeterías foi de 11.055,0 miles de euros, experimentando un aumento do 7,7%.

No que vai de ano, a taxa de variación do gasto total acumulado sitúase nun 22,3%. O crecemento acumulado é do 21,0% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

Aumento do 6,0% do gasto diario medio por persoa en maio de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O gasto diario medio por persoa situouse en 131,5 euros en maio de 2006, experimentando un aumento do 6,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior en termos correntes. No que vai de ano o gasto diario medio por persoa é de 127,5 euros, cunha variación de 0,2%.


Segundo a forma de organización da viaxe, o gasto diario medio das persoas que viaxaron cun paquete turístico situouse en 127,9 euros, aumentando en taxa interanual nun 31,1%. Este aumento débese principalmente ó aumento do gasto en paquete turístico que, cunha variación do 58,5%, pasa a representar o 74,2% do total, mentres o gasto realizado no resto de partidas diminuíu nun 12,6%. O gasto diario medio das persoas que non viaxan con paquete turístico foi superior, situándose en 132,0 euros, presentando un aumento interanual do 4,1%.

Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Maio 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	43.239,1	22,0%	22,3%
Gasto diario medio por persoa (euros)	131,5	6,0%	0,2%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	43.239,1	22,0%	21,0%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>